

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día 27 de agosto de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia das ilustrísimas señoras concelleiras: D^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, e D^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretaria a concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. SECRETARÍA XERAL.- Aprobáronse as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 9, 16, 23 e 30 de xullo e 6, 13 e 20 de agosto de 2025.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

2. CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.- Desestimouse o recurso de reposición interposto contra o Decreto 7663/2025, do 5 de agosto de 2025, que aproban as adxudicacións do concurso do ano 2025 para a autorización da instalación de atraccións e postos durante as festas de San Froilán (Exp. 2025/C013/000003).

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobáronse as bases e convocatoria de bolsas "Primeiras residencias artísticas do CAM (Coliving Artístico Municipal) 2025". Código Proxecto: 252410004 (Exp. Tecol: 2025/G004/000411 e 2025/G004/000487).

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. XUVENTUDE.- Aprobáronse as bases xerais reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións ás asociacións xuvenís e de recreación histórica e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude.

5. LICENZAS.- Aprobouse a licenza urbanística para a construción de edificio composto por tres plantas soto para aparcadoiro e rochos, planta baixa para local e accesos en dous portais, tres plantas altas e baixocuberta para 13 vivendas;

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac4860222950609600906.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-8-2025

edificio composto por un total de 13 vivendas, 20 rochos e 41 prazas de aparcadoiro (terceira planta está vinculada co baixocuberta dando lugar a vivendas tipo dúplex) na rúa San Froilán, números 16, 18 e 20, unidade edificatoria: 1301-08,09,10 (2022/Y001/000278).

- Adiouse o asunto relativo ao recurso de reposición interposto contra o Decreto número 6022/2025 ditado polo concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude por delegación da Xunta de Goberno Local (2025/P014/000081).

6. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a adxudicación da contratación das obras de saneamento na rúa Pintor Pacios, no tramo da marxe dereita (Exp.Ref. 2025/C002/000015).

- Aprobouse a adxudicación da contratación das obras de renovación da rede de abastecemento en varios tramos da rúa Alexandre Bóveda (Exp.Ref. 2025/C002/000017).

- Aprobouse a adxudicación da contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración do festival “Caudal Fest 2025” (Exp.Ref. 2025/C005/000006).

- Declarouse deserto o lote 1 e adxudicouse o lote 2, da contratación da subministración -mediante lotes- de produtos de alimentación (lote 1) e produtos de limpeza (lote 2) no Fogar do Transeúnte (Exp.Ref. 2025/C004/000018).

<i>Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial e concelleira secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.</i>
--